

Cristina Martínez



É unha investigadora do Grupo Galabra da Universidade de Santiago de Compostela. Nesta universidade traballou como profesora e investigadora, e obtivo o grao de doutora en 2014 cunha tese sobre o grupo Galaxia e o sistema cultural galego do tardofranquismo.

Especialista na cultura galega das décadas de 1950 a 1980, realizou traballos especializados sobre prensa periódica e métodos de investigación sociolóxica aplicados á literatura e a cultura.

Nesta conferencia sobre Xosé Filgueira Valverde abordará a traxectoria deste intelectual galego ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2015. Filgueira Valverde foi un auténtico polígrafo que se dedicou a múltiples campos do saber: estudos sobre literatura, antropoloxía, historia de Galiza ou arte. Ademais de escribir obras de ficción, Filgueira Valverde desenvolveu un intenso labor institucional, ao participar na fundación do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista, dirixir o Museo de Pontevedra ou formar parte da Real Academia Galega. A súa proximidade ideolóxica e institucional co réxime franquista fixo que a súa designación como homenaxeado das Letras Galegas fose cuestionada por algúns sectores da cultura galega. Trátase, por tanto, ante unha figura poliédrica que a conferencia de Cristina Martínez nos axudará a coñecer e entender mellor.